

ACTA DA XUNTA ELECTORAL DAS ELECCIÓNS A ASEMBLEISTAS, COMISIÓN DELEGADA E PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO 2.026

Mediante Xuntanza telemática e sendo as 20:30 horas do día 16 de agosto de 2.026 reúnese a Xunta Electoral das eleccións a asembleístas, Comisión Delegada e Presidente da Federación Galega de Baloncesto, composta por D. José Ramón Pereira Rodríguez, con D.N.I. *****714J, en calidade de Presidente, D. Javier Nogueira Garrido, con D.N.I. *****228W, en calidade de Secretario e Dña. Beatriz Seoane Chao, con D.N.I. *****347J, en calidade de Vogal co obxecto de, segundo dispón o artigo 9 das Normas Electorais, proceder á resolución das renuncias presentadas a membro das 8 mesas electorais nomeadas en actas anteriores, segundo o que dispón o Decreto 16/2018 de 15 de febreiro, no seu art. 24 puntos 4 e 5 e o establecido no art.9 do regulamento electoral:

“A asistencia á mesa electoral é obrigatoria salvo causa xustificada que deberá de ser autorizada pola xunta electoral.”

“A designación das persoas titulares e suplentes da mesa electoral realizarase nos dous días seguintes á proclamación definitiva das candidaturas. As persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo de dous días seguintes, agas causa xustificada e documentada que lles impida a aceptación do cargo”

A Xunta Electoral dende a acta de data 11 de agosto de 2.026 e ata a celebración da presente reunión ten constancia da presentación das seguintes renuncias e procede a pronunciarse de modo individual sobre cada una de elas:

- MESA ELECTORAL DA CIRCUNSCRIPCIÓN DE A CORUÑA:

****3094*: **NICOLÁS MANUEL DÍAZ LOURIDO**. RENUNCIA ACEPTADA.

- MESA ELECTORAL DA CIRCUNSCRIPCIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

****3615*: **PAULA RODRÍGUEZ PIÑEIRO**. RENUNCIA ACEPTADA.

- MESA ELECTORAL DO VOTO POR CORREO:

****7330*: **RAFAEL VIÑA MARTÍNEZ**. NON ACEPTADA. A causa que expón o alegante no seu escrito de renuncia non resulta motivo legal suficiente para a súa exclusión da mesa.

Aceptadas as renuncias anteriormente indicadas e procedendo segundo o que establece o artigo 9 do regulamento electoral, esta Xunta electoral procede a realizar un novo sorteo nas mesas electorais afectadas para dar cobertura ás prazas que quedan libres debido as renuncias presentadas e admitidas en tempo e forma. Deste xeito, os novos/as integrantes das mesas electorais serían os/as seguintes:

MESA ELECTORAL DE A CORUÑA				
	DNI	APELLIDOS	NOMBRE	CLUB
TITULAR	****0105*	GARCÍA FARIÑAS	BRUNO	LICEO LA PAZ


MESA ELECTORAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA				
	DNI	APELLIDOS	NOMBRE	CLUB
TITULAR	****0715*	ROMERO PADRÓN	IRIA	SAN JUAN BAUTISTA

Según dispón o artigo 23.5 do Decreto 16/2018 polo que se establecen as bases e criterios para a elaboración dos regulamentos electorais que deberán rexir a realización das eleccións nas federacións deportivas galegas, os/as nomeados/as disporán de un prazo de 2 días hábiles dende a publicación da presente resolución para aceptar ou renunciar o cargo para o que han sido nomeados/as, debendo facelo mediante comunicación escrita a esta Xunta Electoral.

Enténdase de novo, que para este terceiro nomeamento, **as persoas propostas deberán aceptar esta designación no prazo de dous días seguintes, agas causa xustificada e documentada** que lles impida a aceptación do cargo que deberán reenviar dentro deste prazo ao enderezo electrónico ELECCIONS@FEGABA.com

Non obstante, lembrese a todos/as aquelas persoas afectadas polas resolucións denegatorias das renuncias presentadas, que tanto esta como as anteriores resolucións da xunta electoral poderán ser obxecto de recurso, segundo o disposto no art. 32.2 do regulamento ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva, no prazo establecido de 10 días hábiles. A presentación de dito recurso farase igualmente no enderezo electrónico sinalado no párrafo anterior: elecciones@fegaba.com.

E sen outros asuntos dos que tratar e sendo as 21:20 horas do día 16 de agosto de 2.026 tense por rematada a presente asemblea asinando a continuación todos os membros da Xunta Electoral.

A stylized handwritten signature in blue ink, featuring a large, loopy initial 'J' and a long horizontal stroke extending to the right.

Asdo.: José Ramón Pereira Rodríguez. Presidente.

A handwritten signature in blue ink, with a large, sweeping initial 'J' and a long horizontal stroke extending to the right.

Asdo.: Javier Nogueira Garrido. Secretario.

A small, circular handwritten signature in blue ink, with the name 'Beatriz' and 'Seoane' visible.

Asdo.: Beatriz Seoane Chao. Vogal.

